

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 25 DE XUÑO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecinco de xuño de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 21 de Xuño do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **LICENZAS OBRAS MAIORES.-**

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de

apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

#### **EXPTE. Nº: RIB/89.4/06**

**A MARIA VIDAL FIDALGO**, con domicilio na rúa Pouso nº 19, Francelos, para levar a cabo as obras de acondicionamento de Local para a venda de produtos enolóxicos e fitosanitarios no inmovible sito na Banda Lira nº 8, baixo, que se realizarán segundo o proxecto e anexos redactado polo Enxeñeiro D. Alberto Rodríguez Rodríguez.

#### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Acondicionamento de Local para a venda de produtos enolóxicos e fitosanitarios.

**Contía na que se orzan as obras:** 5.927,89 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Banda Lira nº 8, baixo.

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** D. Alberto Rodríguez Rodríguez.

**Nome ou razón social do promotor:** Maria Vidal Fidalgo.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 21.12.06, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 154,13 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 5.927,89 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

**Outras condicións:** As obras deberán axustarse ao proxecto e documentación anexa aportada o expediente. Deberá cumprir as medidas correctoras contidas na documentación técnica presentada como as demais condicións recollidas no informe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental.

### 3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

#### LICENZA DEFINITIVA

“Visto o expediente tramitado a instancia de **dona Maria Angeles Sanmarfull Rodríguez**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 68, baixo, desta vila, para a apertura dunha actividade de local comercial para lavandería sito na rúa Ribeiro nº 68, baixo, desta Vila.

Cumpridos os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e disposicións complementarias, para a apertura de actividade de lavandería, no inmovible sito na rúa Ribeiro nº 68, baixo, deste termino municipal, para cuxa actividade tramitada de acordo co devandito regulamento e informado favorablemente pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente con data 07-02-07, e unha vez presentado o certificado de medición acústica e outra documentación (Anexos diversos).

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:Primeiro.- Conceder Licenza definitiva a dona Maria Angeles Sanmarfull Rodríguez, para a apertura e funcionamento da actividade de local comercial para Lavandería no inmovible sito na rúa Ribeiro nº 68, baixo, desta Vila, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 225,40 euros. Deberá cumprir o dictame-aclaración da Comisión Técnica de Accesibilidade, expte. 30/05 (Acompañase en fotocopia).

Segundo.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

#### TRASMISION DE LICENCIA DE AUTOTAXI.

Visto o escrito de **Don Regino Carlon Barba**, con domicilio en Paixon, Arnoia, o cáil e titular da licenza municipal de Autotaxi núm.8 deste Concello, que ven desenvolvendo co vehículo, matrícula OR-5542-P, no que manifesta o seu desexo de transmitir a praza a Don Juan Carlos Fernández Reinaldo con domicilio na rúa Progreso nº 77, 1ºB, A Cañiza.

Cóñece a Xunta de Goberno Local toda a documentación presentada e polo Secretario do Concello dase conta do informe que obra no expediente relativo a normativa de aplicación e mesmo a ordenanza fiscal reguladora pola taxa por licencias de autotaxi, correspondente a esta transmisión unha taxa por importe de 2.404,04 euros.

E, de conformidade coa disposición transitoria cuarta do Real Decreto 763/1979, «as licenzas existentes á entrada en vigor deste Regulamento poderán ser transmitidas, por unha soa vez, de conformidade ao disposto no acordo da súa adxudicación. Para as transmisións futuras estarase ao disposto no artigo 14 deste Regulamento».

Dado que a licenza outorgada a Don Regino Carlon Barba e anterior en entrada en vigor de dito Real Decreto, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a documentación obrante no expediente, por unanimidade, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Transmitir a licenza de autotaxi núm. 8 que ata agora estaba a nome de Don Regino Carlon Barba a prol de Don José Carlos Fernández Reinaldo, o cáil continuará exercendo a actividade co vehículo matrícula OR-5542-P.

SEGUNDO.- De acordo coa Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de autotaxi, aboará a cantidade de 2.404,04 euros en concepto de taxa por transmisión, sen o cál requisito ficará nula e sen efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo os interesados.”

#### **TRAMISION DE LICENCIA.-**

“Visto o escrito de **Dona Miguelina Areda Cuiñas**, no que solicita a transmisión da licenza de obras concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 22 de xaneiro pasado, relativa a rehabilitación dunha adega para vivenda unifamiliar na rúa Laxas nº 23, Francelos, a prol do seu fillo Don Miguel Fidalgo Areda, con domicilio na Travesía Ribeiro nº 3-5, desta Vila, a Xunta de Goberno Local, de acordo co que sinala o artigo 13 do Regulamento de Servizos das Corporación Locais “as licencias relativas as condicións dunha obra, instalación ou servizo serán transmisibles, pero o antigo e novo constructor ou empresario deberán comunica-lo por escrito a Corporación, sen o cál quedarán ambos suxeitos a totalas responsabilidades que se derivasen para o titular”, por unanimidade, acorda acceder a transmisión da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xaneiro pasado a prol de Don Miguel Fidalgo Areda”.

#### **CONDICIÓN S URBANÍSTICAS**

Vista a solicitude de **Don Julio Puentes Agregan**, con domicilio na rúa Eduardo Chao nº 1, 4ºA, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito en Ventosela, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 14.06.07, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, , Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. A propiedade á que se refire e precisa a solicitude, corresponde a unha vivenda unifamiliar de B+I, deshabitada e nun estado deficiente de conservación, tampouco se aprecia o resío que lle corresponde á vivenda por a maleza existente. Por o seu aire Este esta adosada a outra vivenda de características e topoloxía similar.
2. A ubicación corresponde a solo clasificado como de Núcleo Rural.
3. Son de aplicación os Art. 24 e seguintes da LOUGA e concorrentes.

4. Dada a existencia dunha edificación (vivenda unifamiliar de planta baixa e piso). Calquera posible actuación, deberase analizar respecto ao previsto no Artigo 103, 104 e Art. 25 “Tipos de Actuación” da LOUGA; Así como demais disposicións regulamentarias e disposicións de habitabilidade según se establece no Decreto 311/1992.
5. Axúntase co presente informe:
  - a. Artigos 24 e seguintes da LOUGA.
  - b. Plano Oficial N.R. , Escala 1: 5.000.”

Vista a solicitude de **Don Alfredo Domínguez Rodríguez**, con domicilio en San Paio, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na estrada Antiga N-120, San Paio (Ref. Catastral 23.37.1-13), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 15.06.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde ás NCSPP publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, ESTUDIO de DETALLE de SAMPAIO TRAVESIA, aprobado en Pleno de 29 de febreiro de 1996 e publicado no BOP de 19 de novembro de 1996.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro; Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. A parcela con Referencia Catastral 23.37.1-13, corresponde a Solo Urbano, regulado por a Ordenanza 14.1 GRADO A, regulado por a Ordenanza UMA-III.
2. Axúntase co presente informe:
  - a. Copia Ordenanza 14.1.
  - b. Plano 4.1 , Alineacions, Rasantes e Ordenación, Escala 1: 500.
  - c. Plano Catastral. “

Vista a solicitude de **Dona Maria Moreiras Ojea**, con domicilio na avda. de Zamora nº 59, 1ºB, Vigo, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito Fondo da Vila nº 34, Santo André, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 15.06.07, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, , Lei de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. Xirada visita comprobo que se trata dunha vivenda unifamiliar de B+I sinalada co N ° 34, vivenda, deshabitada e en mal estado de conservación cos seguintes lindeiros:

Aire Norte: Patio frontal e camiño público .

Aire Sur: Patio entre finca e vivenda, terreo correspondente á parcela da vivenda e colindante con viña de outro propietario.

Aire Este: vivenda unifamiliar adosada de B+I sinalada co n ° 28 e resío propio.

Aire Oeste: camiño subida a estrada (Camiño con forte pendente)

A vivenda corresponde a un prototipo de vivenda tradicional do lugar. O material orixinal de cobertura foi substituído non recentemente por fibrocemento.

2. Dada a existencia dunha edificación (vivenda unifamiliar de planta baixa e piso), sinalada co co ° 34. Calquera posible actuación, deberase analizar respecto ao previsto no Artigo 103, 104 e Art. 25 “Tipos de Actuación” da LOUGA; Así como demais disposicións regulamentarias e disposicións de habitabilidade según se establece no Decreto 311/1992.
3. O procedemento para o outorgamento de licenzas establécese no Art. 195 da LOUGA.
4. Axúntase co presente informe:
  - a. Artigos 24 e seguintes da LOUGA.
  - b. Plano Oficial N.R. , E 1: 5.000.
  - c. Plano Parcelario de Infraestructuras Agrarias. (Xunta)”.

Vista a solicitude de **Dona Maria Elena Lino Garcia**, con domicilio na rúa Garcia Camba nº 10, Entresolo Ofic. 1, Pontevedra, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na rúa Rodríguez de la Fuente nº 1 (Ref. Catastral 04.18.9-02), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 25.06.07, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM, publicadas nos BOP nº 239 de 16 de outubro de 1986 e nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia". DOGA nº.252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro; Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

1. O terreo con Referencia Catastral, 04.18.9-02, corresponde a Chan urbano regulado pola Ordenanza 4.1, RC. Residencial pechada.
  - 1.1 Na Categoría de non consolidado, segundo establece o Art. 12-b) da LOUGA.
  - 1.2 As aliñacións, rasantes, así como a trama urbana, se atopa definida na Planimetría das NNSSM, a escala 1: 2.000.
  - 1.3 A Normativa Urbanística das NNSSM, non foi adaptada á Lei 9/2002, no seu prazo regulamentario, polo que as NNSSM resultan incompatibles coas esixencias da LOUGA.
  - 1.4 O terreo e na súa parte posterior, é lindante co Camiño Cabrita de Arriba e atópase construído un inmovible de catro plantas tomando como referencia o Camiño Cabrita de Arriba, e tres plantas en referencia á rasante da C/ Rodríguez de la Fuente.
    - 1.4.1 Edificación que lle corresponde o réxime de Fora de Ordenación, segundo establece o Art. 103-Edificios Fora de Ordenación.
2. Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como a Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo, e de data 14 de marzo de 2006, RE N ° 1187.
3. Achégase co presente informe:
  - 3.1 Plano Oficial das NNSSM, a Escala 1: 2.000.
  - 3.2 Plano Catastral.
  - 3.3 Ordenanza 4.1 RC, Residencial pechada.
  - 3.4 Art. 103 da LOUGA” .

Vista a solicitude de **Dona Maria Elena Lino Garcia**, con domicilio na rúa Garcia Camba nº 10, Entresolo Ofic. 1, Pontevedra, no que interesa informe urbanístico aplicable a o inmovible sito na rúa Rodríguez de la Fuente nº 1-Camiño Cabrita de Arriba (Ref. Catastral 04.18.9-02), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle a súa aprobación ao informe técnico de data 25.06.07, que literalmente di:

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM, publicadas nos BOP nº 239 de 16 de outubro de 1986 e nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á "Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia". DOGA nº.252 do 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro; Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

- 1 .Os devanditos terreos pertencentes á parcela con Referencia Catastral 04.18.9-02, corresponde a Chan Urbano, regulado pola Ordenanza 4.1 R.C., supeditado á LOUGA e complementarias.
- 2 Na Categoría de non consolidado, segundo establece o Art. 12-b) da LOUGA.
- 3 Estarase ao que determina a Disposición Transitoria Primeira e Segunda da LOUGA, así como a Carta de Orde Oficial do Director Xeral de Urbanismo, e de data 14 de marzo de 2006, RE N ° 1187.”

#### **ADSCRIPCION AO SERVIZO PUBLICO DE AMBULANCIA.-**

“Visto o escrito de **Don Jesús Martínez Santamaría**, Xerente de Ambulancias Ribadavia S.L., con domicilio na rúa do Carballiño nº 60, no que interesa licenza municipal para adscribir ao servizo público de transporte sanitario, ambulancia, o vehículo matrícula 8493-FRK; e vista a documentación técnica que se acha no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado. O interesado fará aboamento neste Concello da cantidade de 40,87 euros, importe da taxa pola concesión da licenza, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto.”

#### **ACOMETIDAS DE AUGA.-**

“Visto o escrito presentado por **dona Cristina Deprede Salgado**, con domicilio na rúa Grande nº 88, San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Obdulia Canitrot Gómez**, con domicilio na avda. de Redondela nº 23, 5ºD, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

### **CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL**

“Visto o expediente instruído a instancia de **dona Maria Vidal Fidalgo**, con domicilio na rúa Pouso nº 19, Francelos, no que solicita a regulamentaria licenza municipal para a apertura dun local adicado a venda de produtos enolóxicos e fitosanitarios no inmovible sito na rúa Banda Lira nº 8, baixo, desta Vila, e

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

**RESULTANDO:** Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 6 de xuño de 2007, informa a actividade como MOLESTA, e dende o punto de vista mediambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos: a) á comprobación posterior, mediante certificación de medición de ruídos, na que se acredite o cumprimento da normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica; b) Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96, de 22-04-98); Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 02-09-97); Real Decreto 833/1988, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos; Orden M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro pola que se publica as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (B.O.E. Nº 43, de data 19-02-02); Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (D.O.G. nº 124 do 29-06-05); c) se xestionen adecuadamente os residuos perigosos; d) se xestione os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo; e) a axeitada xestión dos envases de produtos fito e zosanitarios e dos produtos caducados non aptos para venda e ou os residuos xerados por verquidos ou roturas accidentais; f) a aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

**CONSIDERANDO:** Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal, para o cál presentarase alta no Imposto de Actividades Económicas.”

#### **AUTORIZACION DE VERQUIDOS.-**

“Visto o escrito de **Don José Luis García Ibañez**, na representación da empresa Tratamiento Industrial de Augas S.A., con domicilio na rúa Puerto Rico nº 18-20, Oficina 7, Pontevedra, no que solicita autorización para que dita empresa poida realizar verquidos procedentes das limpezas das redes de sumidoiros, fosas sépticas e lodos na E.D.A.R. de Francelos.

Tendo en conta: a) Que empresa Tratamiento Industrial de Augas S.A., é unha empresa autorizada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia para a xestión de lodos de fosas sépticas e lodos de depuradora.

b) Que Tratamiento Industrial de Augas S.A. e a empresas encargada dos traballos de limpeza da rede de sumidoiros no marco do contrato de xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento entre a empresa Aqualia e o Concello de Ribadavia.

c) Que é necesaria a autorización municipal para verter este tipo de residuos na depuradora municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda conceder a empresa Tratamiento Industrial de Augas S.A., autorización para realizar verquidos procedentes das limpiezas de redes de sumidoiros, fosas sépticas e lodos na E.D.A.R. de Francelos, suxetándose dita autorización os seguintes condicionantes:

1.- A autorización ten un período anual, debéndose unha vez finalizado, solicitar expresamente a prórroga da mesma.

2.-Previa a realización do verquido deberá instruírse expediente no que deberá constar informe favorable da empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello (Aqualia) e autorización do Concello para poder verter.

3.- A presente autorización refírese a actuacións que se xeneren exclusivamente dentro do Concello de Ribadavia.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Dirección Xeral de Administración Local, Resolución concedendo subvención para melloras na seda da Policía Local, por importe de 20.000 euros. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda aceptar a devandita subvención e as condicións contidas na orde de convocatoria.

- “Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 25-05-07, relativa a expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante pozo denominado “Airiños”, sito na Grova, deste término municipal”.

- De Aqualia, remitindo análise das mostras de auga de consumo público do Concello de Ribadavia e da E.D.A.R. de Francelos, correspondente os meses de Marzo e Abril de 2007”.

-“Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 01-06-07, relativa a expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante cinco pozos denominados San Cibrao e Saa, sitios en San Cibrao-Saa, solicitado pola Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro”.

-“Do Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música, Resolución concedendo subvención para a Mostra Internacional de Teatro, por importe de 20.000 euros”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DE CONVENIO.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e Asociación Lúdico Recreativa de Ocio e Tempo Libre Xaraiva, para a realización do campamento urbano, campamento de verán e actividade Parque Vivo”.

### **CAMPAMENTO DE VERAN.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación das tarifas para poder tomar parte no Campamento de verán ofertado polo Servicio Municipal de Deportes do Concello de Ribadavia, que se celebrará na localidade de Boiro ( A Coruña), dende o 1 ó 14 de Agosto vindeiro (ámbolos dous inclusive): Non socios do Polideportivo, 170 euros; Socios do Polideportivo, 135 euros; Non residentes, 250 euros; Desconto por mais dun irman, 25% sobre o total. O número de prazas ofertadas é de 35. Idades: Nenos/as de 9 a 14 anos. Prazo para a reserva de praza: ata o 30 de xuño por riguroso orde de entrada. (Dárase un periodo de 10 días para posibles cancelacións de praza, a partir dese momento o interesado non tera dereito a devolución da cantidade ingresada).

### **APROBACION DE PRESUPOSTO.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o presuposto presentado pola empresa Aqualia relativo a instalación da rede de abastecemento da rúa Merelles Caúla, por importe de 2.875,43 euros”.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.